

**Expediente núm.:** 2970/2024 (relacionado co expdt. 998/2024- S0602 - Subvención recibida en réxime de concorrencia competitiva e 882/2023- Contratacións menores de servizos-Contratación menor. Redacción de proxectos)

**Procedemento:** Contratacións-S0242 - Contratacións de obras por procedemento aberto simplificado

**Asunto:** Contratación da obra *RENOVACIÓN COLECTOR DE SANEAMIENTO E PAVIMENTO EN RÚA BAIXADA A TORNEIRA PLAN MAIS PROVINCIA 2024*

**Documento:** Memoria órgano xestor (concellería delegada de Urbanismo)


**Trámite:** Xustificación da natureza e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado, así como a idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas, da elección do procedemento e do análise económico do contrato (art. 28, 116.3 da LCSP e 7 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupuestaria e Sostenibilidade Financeira)

## MEMORIA DA CONCELLERÍA DELEGADA DE URBANISMO XUSTIFICATIVA DO CONTRATO DE OBRA DO PROXECTO A RENOVACIÓN COLECTOR DE SANEAMIENTO E PAVIMENTO EN RÚA BAIXADA A TORNEIRA PLAN MAIS PROVINCIA 2024

### 1. Antecedentes. Réxime de financiamento-

O Concello de Moaña celebrou un contrato menor de servizos con ESINPRO INGENIERIA, S.L., para, entre outros, a redacción do proxecto de obra *RENOVACIÓN COLECTOR DE SANEAMIENTO E PAVIMENTO EN RÚA BAIXADA A TORNEIRA* para concorrer a futuras liñas de subvención.

A situación da obra que se pretende executar, segundo resulta da Memoria urbanística do proxecto, é a seguinte:



No que respecta á financiación da actuación, mediante Acordo num. 9.33701. da XG da DP.PO, recaída no Expte. 2024020345 se concede ao concello de MOAÑA, CIF: P3602900G, unha subvención ao abeiro do PLAN + PROVINCIA 2024 LIÑA 1 – INVESTIMENTOS, polo importe de 245.039,68 euros co obxecto do financiamento do



investimento “RENOVACIÓN COLECTOR DE SANEAMIENTO E PAVIMENTO EN RÚA BAIXADA A TORNEIRA” (exp: 2024020345), cuxo orzamento ascende a 245.039,68 euros, en base a un orzamento polo mesmo importe. A subvención queda condicionada a obtención das autorizacións sectoriais do servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación de Pontevedra e da Dirección Xeral de Patrimonio da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, sendo imprescindible que o Concello as remita á Deputación xunto coa primeira xustificación da axuda económica.

Consta informe do arquitecto do concello de data 7 marzo 2024 sobre o PROXECTO: “RENOVACIÓN COLECTOR DE SANEAMIENTO E PAVIMENTO EN RÚA BAIXADA A TORNEIRA PLAN MAIS PROVINCIA 2024” Validación: 5QHSZT7EPDLTPD5QQMKHE5EE9- Corrección: <https://concellodemoana.sedelectronica.gal/>, no que sinala que as obras precisan de informes sectoriais previos da área de Infraestruturas e Mobilidade da Deputación Provincial de Pontevedra e do servizo de Patrimonio da delegación territorial da Consellería de Cultura de Pontevedra, segundo se desprende do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Moaña.

Consta autorización sectorial de obra de renovación de colector de saneamento e pavimento en rúa Baixada a Torneira, concello de Moaña emitida, en data 24 de abril de 2024, pola Directora Xeral de Patrimonio Cultural (Expte. 975/2024) CVE: DjWIP8uqnpPO-<https://sede.xunta.gal/cve>

Consta autorización sectorial do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación de Pontevedra emitida en data 16 de xullo de 2024.(CSV):4B6JOEMGM6D4LGGI-<https://sede.depo.gal>

Consta informe do redactor do proxecto de data 29 de xullo de 2024. (RE ref. 2024-E-RE-4094)

## **2. Obxecto do contrato. Descrición xeral da actuación-**

A obra obxecto de contratación se atopa definida no proxecto de RENOVACIÓN COLECTOR DE SANEAMIENTO E PAVIMENTO EN RÚA BAIXADA A TORNEIRA PLAN MAIS PROVINCIA 2024 redactado e asinado por Casimiro Fontenla, Enxeñeiro industrial, colexiado núm. 711, en representación de ESINPRO INGENIERIA SL, B36406536 e aprobado pola Xunta de goberno local na sesión celebrada en data 25 de marzo de 2024 (ref. Expdtd relacionado 882/2023- Contratacións menores de servizos)

En canto á clasificación do contratista, non existe pero que permitiría acreditar os requisitos de solvencia do licitador que resulte proposto, consta no apartado 15 da Memoria do proxecto a seguinte: GRUPO G, Subgrupo 6, categoría 2 e GRUPO E, Subgrupo 7, categoría 2.

O Proxecto ten como obxectivo a renovación do colector de saneamento existente na rúa Baixada a Torneira, a instalación dun colector de pluviais e a reposición completa do firme cunha capa de aglomerado a todo o ancho do vial.

Segundo o proxecto técnico, o pavimento do vial atópase en mal estado debido a afundimentos provocados polas fugas e filtracións do colector de saneamento e a presenza



de augas de escorrentía non canalizadas de forma adecuada.

Pola documentación relativa ao Inventario municipal de bens deste concello, constan inscritos como de titularidade municipal os bens que a continuación se identifican, incorporado no Tomo V e VII, con dilixencia de aprobación polo Pleno da corporación municipal, en sesión de data 30.04.1993):

TOMO	Nº matrícula	Descrición
V I.- Inmubles (desde matrícula 3101.0 - 3177.0)	3115	Nome: <b>RUA BAIXADA A TORNEIRA</b>  Características físicas:  Lonxitude: 345 m Anchura media: variable de 4 a 7 m Superficie: 2133 m2.  Límites:  Orixe: Praza o Cruceiro Final: Carretera Moaña - Coiro

### **3. Necesidade derivada deste contrato**

A lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, establece no artigo 25.2.d) que “o Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias: “Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade”

No mesmo senso, o artigo 80.2.d) da LALGA recoñece competencias aos municipios na conservación de camiños e vías rurais que comprende, entre outros, o de defensa e obriga de conservalos e mantelos en bo estado.

O artigo 26 da citada LBRL establece que

*“1. Os Municipios deberán prestar, en todo caso, os servizos seguintes: a) En todos os Municipios: .../... acceso aos núcleos de poboación e pavimentación das vías públicas”.*

As obrigacións que teñen atribuídas as entidades locais en materia de seguridade nas vías públicas foron postas de relevo de forma constante na xurisprudencia relacionada coa responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas (a título de exemplo a Sentenza do Tribunal Supremo de 10 novembro de 1994).

Na normativa sectorial, e deste xeito no art. 9º da LCG dispón que:

*“1. A titularidade das estradas obxecto da presente lei correspóndelles á Comunidade Autónoma ou ás entidades locais de Galicia.2. A administración titular da estrada é responsable do servizo público viario, así como do debido exercicio das facultades e prerrogativas que lle recoñece a presente lei.”*





A súa vez, o Decreto 66/2016, no seu artigo 16.2, recoñece que “ A Administración titular da estrada é responsable do servizo público viario, así como do debido exercicio das facultades e prerrogativas que lle recoñece a lexislación de estradas de Galicia (artigo 9.2 LCG) e este regulamento “,

Polo que en, base ao obxecto do proxecto e das competencias dos municipios, tendo en conta os antecedentes indicados no apartado 1º desta memoria xustificativa é necesario acondicionar e mellorar o firme neste viario municipal, e dado que foi un proxecto aprobado para incorporalo ao PLAN + PROVINCIA 2024 LIÑA 1 – INVESTIMENTOS da Deputación de Pontevedra, é necesario licitar a contratación de ditas obras.

#### 4. Xustificación do presuposto base de licitación.-

O custe da obra aparece desglosado do seguinte xeito o resumo do orzamento contido no proxecto descritivo da obra do seguinte xeito:

<b>Valor estimado: 202.512,13 €</b>
<b>IVE: 42.527,55€</b>
<b>Orzamento base de licitación IVE excluído: 202.512,13€</b>
<b>Orzamento base de licitación IVE incluído: 245.039,68€</b>

O desglose do orzamento contido no proxecto é o seguinte:

Cap.	Descrición de la actuación	Importe
1	DEMOLICIONES	8.172,86
2	ESCAVACIONES Y RELLENOS	29.344,89
3	RED DE SANEAMIENTO	33.367,96
4	RED DE SANEAMIENTO	47.627,33
5	REPOSICIONES	42.301,77
6	GESTION DE RESIDUOS	7.363,45
7	SEGURIDAD Y SALUD	2.000,00
Total Presupuesto de Ejecución Material		<b>170.178,26</b>
13 % Gastos Generales		22.123,17
6 % Beneficio Industrial		10.210,70
Suma Total		<b>202.512,13</b>
21 % I.V.A.		42.527,55
Total Presupuesto Ejecución Contrata		<b>245.039,68</b>

#### 5. Análise Económica. Valoración das repercusións na Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira e efectos do contrato de obra

Tendo en conta as obrigas que resultan do art. 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril,



de Estabilidade Presupuestaria e Sostenibilidade Financeira compre valorar as repercusións que a execución da obra ten na Estabilidade Presupuestaria e Sostenibilidade Financeira.

A Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e sustentabilidade Financeira, no seu artigo 4.2, define como “sustentabilidade financeira” a capacidade para financiar compromisos de gasto presentes e futuros dentro dos límites de déficit, débeda pública e morosidade de débeda comercial conforme ao establecido nesta Lei, a normativa sobre morosidade e na normativa europea”.

Neste sentido, no expediente consta documento contable de retención de crédito na aplicación orzamentaria 1532-61901, operación núm. 220240009461 de data 27.08.2024, polo importe de 245.039,68 euros

Dende o punto de vista económico, a actuación estará financiada pola subvención concedida pola Deputación de Pontevedra ó Concello de Moaña, pola cantidade de 245.039,68 euros, ao abeiro das “Bases reguladoras e convocatoria do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal da Deputación provincial de Pontevedra (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024 publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.

En base ao anteriormente exposto, cabe concluír que as obrigacións que deberá asumir esta Entidade Local pola execución da citada obra e o mantemento da mesma ao longo da súa vida útil, non se prevé que afecten o escenario actual e futuro de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira do Concello de Moaña.

## **6. Análise do Procedemento. Xustificación da non división en lotes.-**

O contrato obxecto deste procedemento terá carácter administrativo, tipificándose como un contrato de obra a teor do artigo 13.1.a) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en diante LCSP), rexéndose en canto á súa preparación, adxudicación, efectos e extinción polo establecido neste Prego e na devandita LCSP.

O procedemento previsto é o aberto simplificado (artigo 159 da LCSP), dado o valor estimado do contrato, admitindo a presentación de proposicións a todas as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas en prohibicións de contratar das sinaladas no artigo 71 LCSP, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

Establece unha garantía complementaria á definitiva do 5 %, de acordo co artigo 107.2 da LCSP, co obxectivo de esixir o cumprimento das obrigas establecidas nas condicións especiais de execución entre outras, en concreto as impostas polas autorizacións sectorias e as que resultan do Plan + Provincia 2024 da Deputación de Pontevedra e á garantía da obra ofertada polo licitador que pode estenderse ata un máximo de 48 meses.

Limitase a subcontratación da obra á parte exclusiva de obra civil que se determina no proxecto, conforme ao establecido no art. 215 da LCSP. Con esta limitación non se restrinxe a competencia, ao contrario, reforzase a solvencia das empresas licitadoras, podendo acceder todas aquelas que executan directamente cos seus medios e o seu persoal obras





de similares características, garantindo unha boa interlocución e execución dos traballos a realizar. Os licitadores deberán indicar na oferta a parte do contrato que teñan previsto subcontratar, sinalando o seu importe, e o nome ou o perfil empresarial, definido por referencia ás condicións de solvencia profesional ou técnica, dos subcontratistas aos que se vaia a encomendar a súa realización.

No que atinxe á solvencia económica e financeira admítase a comprobación a través do volume anual de negocios referido ao mellor exercicio dentro dos tres últimos dispoñibles en función das datas de constitución e de inicio de actividades do empresario e de presentación das ofertas, por un importe igual ou superior a unha vez e media o valor estimado do contrato.

No que atinxe á solvencia técnica solicítase a relación dos principais servizos realizados de igual ou similar natureza que os que constitúen o obxecto do contrato no curso de, como máximo, os cinco últimos anos, sendo que o importe anual acumulado no ano de maior execución (sen incluír o Imposto sobre o Valor Engadido) debe ser igual ou superior ao 70% do valor estimado do contrato, ou da súa anualidade media se esta é inferior ao valor estimado do contrato.

No caso de que o contratista sexa unha empresa de nova creación, entendendo como tal aquela que teña unha antigüidade inferior a cinco anos, a Declaración indicando a maquinaria, material e equipo técnico do que se disporá para a execución das obras, coa que se achegará a documentación acreditativa correspondente e outra Declaración sobre o cadro de persoal medio anual da empresa e do número de directivos durante os tres últimos anos, acompañada da documentación xustificativa correspondente cando lle sexa requirido polos servizos dependentes do órgano de contratación.

En todo caso, a inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público acreditará fronte a todos os órganos de contratación do sector público, a teor do nel reflectido e salvo proba en contrario, as condicións de solvencia económica e financeira e técnica do empresario no seguinte grupo, subgrupo e categoría da clasificación da obra:

GRUPO G, Subgrupo 6, categoría 2 e GRUPO E, Subgrupo 7, categoría 2.

Cabe sinalar que as clasificacións indicadas nos dous grupos enténdense acumulativas, non alternativas, polo que deberán acreditarse ambas segundo indica o redactor do proxecto no informe complementario ao proxecto técnico, de 29 de xullo de 2024,

Os criterios de adjudicación estarán baseados no principio de mellor relación calidade-prezo, e só dependerán de fórmulas automáticas. Ademais dos criterios que teñen unha connotación exclusivamente económica, como poden ser o prezo ou a ampliación das garantías.

Cos criterios automáticos poderase acadar as seguintes puntuacións:

**1 MENOR PREZO OFERTADO, ata un máximo de 80 puntos.**

*Outorgarase a máxima puntuación á oferta económica máis favorable para o Concello, valorándose as restantes de xeito inversamente proporcional, de acordo co sinalado no parágrafo seguinte.*



As empresas clasificaranse inicialmente por orde de mellor a peor, seguindo o criterio de prezo máis baixo da oferta. Obtida a orde de prelación de todas as ofertas segundo este criterio, outorgarase a máxima puntuación de 80 puntos á oferta máis baixa e aplicarase ao resto das ofertas a seguinte fórmula:

$$P_n = (P_m \times O_b) / O_n$$

Onde:

$P_n$ : Puntuación da oferta.

$P_m$ : Puntuación máxima posible (80 puntos)

$O_b$ : Importe da oferta máis baixa.

$O_n$ : Importe da oferta a puntuar.

## **2. INCREMENTO DOS PRAZOS DE GARANTÍA, ata un máximo de 20 puntos**

-O prazo de garantía da obra terá unha duración de 2 anos (24 meses) contado desde a recepción das obras, salvo que o adxudicatario ofrezca un prazo de garantía maior, que en ningún caso será superior a 48 meses

### CRITERIOS DE VALORACIÓN

Abano: de 0 a 20 puntos

Garantía de 36 meses ..... 10 puntos

Garantía de 48 meses ..... 20 puntos

O prazo de execución do contrato de obra é de CATRO (04) MESES a contar desde a data do acta de comprobación do replanteo sen que exista a posibilidade de prorrogar o mesmo.

Non existe previsión de modificación do proxecto de obra nos termos que resultan do proxecto .

En canto á xustificación técnica da non división en lotes se atopa recollida no informe complementario ao proxecto técnico, de 29 de xullo de 2024, emitido polo redactor do proxecto nos termos esixibles no artigo 99.3 da LCSP, do seguinte xeito:

*Justificación de no división en lotes .- La actuación proyectada se ejecuta en un tramo continuo de un vial existente por lo que no procede su división en lotes ya que técnicamente sería problemático gestionar actuaciones independientes debido a la necesidad de mantener el servicio y el tráfico. Esta circunstancia se indica de forma implícita en el apartado 20 de la Memoria, Declaración de Obra Completa, y el redactor del Proyecto la confirma de forma explícita en el presente Informe.*

Respecto da Mesa de contratación que asistirá ao órgano de contratación será a Mesa de contratación permanente que asiste á Xunta de goberno local cuxa composición e regras de funcionamento se atopan publicadas no BOP.PO núm. 143 de 26 de xullo de 2023, no Taboleiro electrónico do concello, no Portal de transparencia do concello ao que se accede a través da súa sede electrónica (<https://concellodemoaana.sedelectronica.gal/>) (indicador 5. CONTRATACIÓN/5.1. MESAS DE CONTRATACIÓN), así como no perfil de contratante do concello de Moaña aloxado na plataforma de contratos de Galicia

